

BLOQUE 2.- O NACEMENTO DA TRADICIÓN ARTÍSTICA OCCIDENTAL: A ARTE MEDIEVAL.



TEMA .-A PINTURA A FINAIS DA IDADE MEDIA: GIOTTO E VAN EYCK

A pintura a finais da Idade Media.

A pintura italiana do trecento: 1300 (XIV)

GIOTTO

OBRA

- A Fuxida a Exipto Capela Scrovegni

A escola flamenga

JEAN VAN EYCK

OBRA

- Matrimonio Arnolfini

O BOSCO

OBRA

- O xardín das Delicias

A PINTURA A FINAIS DA IDADE MEDIA

IMPORTANTE

Contexto válido para Italia e para Flandres. Este contexto é suficiente para a pintura non necesitamos o do Gótico xa que poño un resumo como podes lera o final

Contextualización

Na pintura, igual que na arquitectura vanse ver os cambios tiveron lugar na Baixa Idade Media. Hai **DOUS FOCOS** pictóricos fundamentais que son:

1. ITALIA, coa escola florentina na que está Giotto
2. FLANDRES, coa escola flamenga con Jean Van Eyck

Estas dúas escolas **buscarán o xeito de achegarnos á realidade** aínda que de xeito diferente:

- ✓ Os italianos intentarán **dominar a perspectiva**, representar ao ser humano nos espazos...
- ✓ Os flamengos farán unha **pintura de grande detallismo**, minuciosa, que sorprenda polo seu enorme parecido coa realidade

Este intento de achegarnos á realidade **xera un novo xeito de pintar**

En Italia, o mesmo que en Flandres, vívense as consecuencias de todos os cambios que aconteceron ao longo da Baixa Idade Media en Europa:

- Un **crecemento demográfico** importante,
- O **rexurdimento urbano** do que Italia é un claro exemplo (Florenzia, Venecia, Xénova...)
- Un **fortalecemento económico** especialmente da actividade comercial no que tanto Italia como Flandres serán os exemplos máis significativos
- O protagonismo do grupo social que leva a cabo as actividades comerciais e artesanais: **a burguesía, que serán os novos mecenas.**
- E, por suposto, os novos cambios na relixión, **a nova espiritualidade**, máis humanizada, que se porán de manifesto na escultura e tamén na pintura

A PINTURA ITALIANA DO TRECENTO (1300). GIOTTO (1284-1337). OS PRIMITIVOS ITALIANOS

OBRA: A Fuxida a Exipto

UTOR: Giotto

CRONOLOXIA:1303-1305

ESTILO: pintura italiana (italo-gótica) do Trecento, fresco. Pintura finais do Gótico

UBICACIÓN: Capela Scrovegni de Padova, capela da Arena (construída sobre un anfiteatro)

DIMENSIÓNS. 200x180 cm



Estamos ante a obra de madurez de Giotto: os frescos da **Capela Scrovegni de Padua:**

- O promotor foi Enrico Scrovegni, rico banqueiro
- É unha capela funeraria
- Probablemente Giotto interveu tamén na construción o que se deduce da **magnífica integración entre pintura e arquitectura.**



Tema

- As paredes están decoradas **con grandes paneis ao fresco**
- Tema xeral **é A Salvación.** *As escenas refírense a episodios da vida de María, de Cristo.....*
- Son 42 escenas nas que sobresa a **Lamentación sobre Cristo morto, o Bico de Xudas** ou esta que analizamos
- **Complétanse co Xuízo Final ao fondo**



Técnica

A **técnica** empregada por Giotto é o fresco, con retoques de temple.

SITUACIÓN- AUTOR

Que está a pasar meses momentos na pintura italiana?? Hai unha enorme **influencia da pintura bizantina, pintábase á *maniera greca***, e empregábanse fondos dourados, personaxes planos e unha rixida simetría (pintura irreal)

Por que é importante **Giotto di Bondone**?

- ✓ Giotto **non é un artesán senón un artista** xa que planifica e domina a práctica e a teoría na arte. É dicir ser artista non é ter un oficio que se aprenda senón que **é unha facultade intelectual. Planifica, pensa antes de executar a obra. Fai un traballo intelectual .Isto é algo propio, logo, do Renacemento.**
- ✓ Ten moito prestixio e recibe encargos tanto de arquitectura (fai o campanile de Florencia) como de pintura en distintas cidades italianas como Asís ou Roma e de escultura
- ✓ Pode ser considerado discípulo de Cimabue (pintor de Florencia)
- ✓ É considerado o **iniciador da pintura moderna**
- ✓ Foi **un xenio que rachou coa influencia bizantina**
- ✓ Témosto que situar como **autor intermedio** entre o Gótico e o Renacemento.

Cales son as súas aportacións? **O MÁIS IMPORTANTE DE GIOTTO**

1. Moi preocupado por representar: a **tridimensionalidade**: coa paisaxe, cos edificios, co sombreado...**onde se desenvolvan escenas cribles** . Desaparecen os fondos dourados
2. Preocupado por **representar a figura humana**: rotundas, **voluminosas**, como **esculturas**, ás veces de costas, de fronte, de perfil, agochadas...en diferentes planos. Vestidos con **túnicas inconfundibles** con CLAROESCURO (sinxelo). E nas que mantén o nimbo co que aínda non se separou do pasado pictórico
3. Moi preocupado **polos estados de ánimo: especialmente dramáticos**, a través dos xestos, das miradas profundas **cos ollos achinados e as bocas entreabertas. Os xestos dinnos o estado de ánimo das figuras.**



Estas novidades son tan avanzadas **que non serán recollidas ata case un século** despois por autores como Masaccio.

Todas estas características podemos velas neste fresco que temos que analizar

COMENTARIO

Na escena representada neste panel atopamos a unha serie de personaxes. uns adiantados outros retrasados.

Tema: relixioso. O momento en que María e Xosé foxen co neno a Exipto para evitar que o mate Herodes que ordenara a matanza dos Inocentes. Polo tanto é un momento **algo dramático**. Foron advertidos por un anxo que é quen lles marca o camiño. É un tema extraído do evanxeo de Mateo.

Como están

Aínda que o tema é algo dramático, un episodio da vida de Cristo, Giotto fai unha composición na que transmite **certa tranquilidade**.

Giotto adoita colocar unha parte terrenal e outra celestial.

- ✓ Parte terrenal.

Podemos ordenar en tres grupos:

- no lado esquerdo tres personaxes, acompañantes que camiñan e falan,
- no centro a Virxe, de perfil co neno, a lomos do burro. O nimbo en escorzo. Está moi seria, **moi estática** e coa mirada dirixida ao fronte.
- Diante, conducindo o animal van san Xosé cun axudante e falan entre eles

Ao fondo unha paisaxe montañosa, **desproporcionada** con respecto aos personaxes e con dúas montañas rochosas, e algunhas árbores desperdigadas, recortadas sobre o típico azul dos ceos de Giotto. A escena, polo tanto sucede nun escenario real.




- ✓ Parte celestial

Tan só un anxo contempla que mira cara os personaxes anteriores e a e **indícalles o camiño**.
É o guía dos viaxeiros

Composición

Podemos falar dunha **composición triangular** que engloba a Virxe co neno e que se reforza coa mesma forma triangular da montaña na parte traseira.

Como consegue Giotto **acadar a sensación de realidade, o naturalismo???**



1. Colocando aos personaxes en distintas posturas, de medio lado, de fronte.. en perspectiva. Hai profundidade como ocorre na vida real

2. Cos xestos: as figuras xesticulan,, **son expresivos** coas mans, as miradas...teñen os característico ollos achinados e bocas pechadas

3. Coa sensación de **movemento: movemento pausado que se representa nas** patas do animal, o xiro da cabeza de san Xosé, o anxo indicando camiño, ou a mirada da Virxe ao fronte., a liña do camiño..

4. E **co volume:** a través do sombreado, luz e a gradación de cores.....nas figuras monumentais cubertas con túnicas amplas ...Non son figuras planas como na pintura bizantina ou gótica

Con **todo isto acada a profundidade** que é o que **nos fai crer que a escena é real. verosímil**

Preocúpalle os detalles tamén para facer esta escena crible:

- ✓ Arboriñas con follas e diferentes
- ✓ O neno sostido pola nai no colo pero cun atado
- ✓ Os detalles nos bordes do vestido de Maria
- ✓ A cesta de palla de San Xosé
- ✓ A cantimplora e a coroa do axudante
- ✓ Os zapatos dos personaxes
- ✓ As liñas angulares da montaña

Cores

Como adoita facer o pintor hai contraste de cores frías e cálidas. **Nas cores** resalta o **azul intenso** no fondo que substitúe ao dourado e a **harmonía do conxunto** (verdes, marelos e cálidos) que dinamizan a escena, e son propios de Giotto

Conclusión

Polo tanto, por todo o que acabamos de dicir e

- ✓ coa paisaxe,
- ✓ cos escorzos (anxo, nimbo da virxe)
- ✓ coas figuras en distintos planos,
- ✓ coa paisaxe natural, etc....

acada un dos obxetivos da súa pintura: a tridimensionalidade.

Nesta capela e onde atopamos a pintura de Giotto **plenamente desenvolvida** e nela amosa os cambios que se están a producir e que **anuncian o Renacemento**, que vai vir.

---oOo--

lecturas

No Trecento dúas escolas italianas, Siena con Simone Martini e Florencia con Giotto, rompen coa tradición gótica bizantina, a denominada pintura á grega, e os seus convencionalismos (fondos dourados, hieratismo, liñas ondulantes), e dan un paso adiante na procura do naturalismo tanto na representación dos espazos, abandoando os fondos dourados, como nas figuras (volumetría, anatomías, expresividade).

Paralelamente mellorouse a técnica do fresco -así denominada porque a pintura ha de facerse sobre a superficie aínda húmida, o que esixía rapidez- empregando substancias menos oleaxinosas que escurecían as cores, o que permitiu que as cores acadasen unhas tonalidades claras e vivas antes nunca vistas.

Foron factores fundamentais do cambio: a presenza no entorno inmediato da cultura clásica que agora se quere recuperar, non se trata de imitala, trátase de pintar á latina; a riqueza das Repúblicas obtida a través da actividade

comercial, de xeito que tanto os dirixentes como a incipiente burguesía se converten en mecenas da arte.

Breve biografía de Giotto (1267-1337):

Os inicios da renovación pictórica que tivo lugar en Italia entre finais do séc. XIII e comezos do XIV, aparecen ligados ás figuras de Cimabué e de Giotto. O primeiro é considerado, mestre e precursor de Giotto, “ambos foron os que comezaron a endereitar de novo a arte anticuada da pintura cara ao naturalismo”. Hai acordo en concederlle ás innovacións de Giotto un valor revolucionario, xa que puxeron os cimentos dunha nova visión plástica, mentres que Cimabué é considerado o seu mestre.

Giotto chegou a ser o pintor máis importante de Florencia, foi ademais un burgués acomodado que posuía teares e foi tamén prestamista. As súas principais obras foron realizadas para os franciscanos e para os grandes banqueiros da época, como os Scrovegni de Padua e os Peruzzi de Florencia. Na súa madurez foi nomeado arquitecto da catedral de Florencia e a el débese o seu campanile. Deixará un amplo número de discípulos e seguidores pero haberá que esperar ao séc. XV, Quattrocento, para que os artistas renacentistas retomen a plástica de Giotto.

O panorama pictórico en Europa era complexo e establecense catro etapas- estilos pictóricos:

- 1. XIII.-estilo franco-gótico ou gótico liñal,*
- 2. XIV.-estilo italo-gótico*
- 3. XIV estilo internacional (fusiona as tendencias franco-góticas e italo-góticas)*
- 4. XV.- escola flamenga.*

Nese século, Florencia era unha cidade cun forte protagonismo das actividades artesanais e comerciais, na que unha burguesía urbana de banqueiros e comerciantes vaise facer co poder. A súa riqueza e gusto polo luxo, maniféstase no seu interese pola historia, a literatura e as artes plásticas. Serán os principais clientes e mecenas das artes, tanto para as súas casas particulares como para o engrandecemento da súa propia cidade, que debe reflectir o éxito dos que nela viven

A revolución da pintura gótica italiana vai ser abandonar esta influencia bizantina e intentar representar o espazo, a tridimensionalidade. O autor que vai comezar isto é Giotto, discípulo de Cimabue.

Tamén foi un innovador xa que creou un sistema novo para ligar as cores distintas usando zume de plantas como figos verdes e outras substancias oleosas que dan como resultado cores máis vivas e claras que as que se facían ata ese momento.

A PINTURA FLAMENGA. OS PRIMITIVOS FLAMENGOS

Contexto: *Vale o anterior aínda que eu incluíría esta particularidade de Flandres en vez de por Italia*

Flandres é un conxunto de pequenos territorios baixo o dominio dos **duques de Borgoña**

- É unha zona de grande **actividade comercial**
- Posúe **unha potente burguesía** que demandan arte.
- **A pintura de Flandres é unha pintura burguesa** que aínda que non se pode considerar renacentista tampouco se pode enmarcar dentro do Gótico.

As **principais aportacións** da escola flamenga son:

1. Melloran a técnica do óleo sobre táboa de madeira

Con fórmulas secretas; traballaban con pinceis moi **finos e plumillas** o que permitían pintar con gran detalle. Acadan **unha brillantez é excepcional**. Aplican a cor con **veladuras**. Fan obras de pequeno tamaño e de cabalete.

2. Paixón polo realismo (interés burgués polo realismo)

É unha obsesión: o realismo e detallismo. As obras concíbense para ser contempladas cáseque con lupa. Créanse nas flores, nas teas... de xeito que se notan as texturas.

*Ás veces eses detalles teñen carga simbólica: gústanlle os **obxectos da vida cotiá**; baseándose na crenza de que o sagrado tamén pode estar neles. Por iso obxectos aparentemente sinxelos teñen **unha carga simbólica** (por exemplo: unha vela acesa como símbolo da presenza divina)*

3. Temática:

- **Hai relixiosos e profanos (con sentido relixioso)**
- **Introducen o retrato**: Son retratos moi realistas
- **Prestan atención á paisaxe**: ignorado na Idade Media agora as paisaxes aparecen como fondos das escenas.

4.-E por suposto a **preocupación pola representación do espazo tridimensional**

(perspectiva matemática e aérea)

Autores

Jan Van Eyck, Robert Campin, Roger van der Weyden, Patinir e Jeronimus o Bosco. Son coñecidos como **os primitivos flamengos**. Son coetáneos da primeira xeración de artistas italianos do Renacemento Masaccio, Piero de la Francesca... pero que a pesar de facer progresos **seguen a estar ligados ao pasado medieval pola carga relixiosa da súa pintura (esta idea é moi importante)**

OBRA: Matrimonio Arnolfini

AUTOR: Jean van Eyck

CRONOLOGÍA: 1434

ESTILO. Escola flamenga, **realismo simbólico flamenco**, protorrenacemento

UBICACIÓN: National Gallery, Londres

DIMENSIONS: 82X59



COMENTARIO

Estamos ante un dos cadros con mais sona da historia da pintura.

Este cadro é unha **obra mestra do realismo simbólico flamenco**.

Autor: Jean Van Eyck (1390-1441) nace en Limburgo, próximo a Alemaña. Estará o servizo de Filipe o Bo, duque de Borgoña, o que lle proporcionará un cargo diplomático co que viaxará por toda Europa. A Jean considerase o **iniciador da escola flamenga**. O seu **virtuosismo técnico** convérteno nun dos máis importantes pintores flamengos e da historia da pintura. Pinta xunto o seu irmán Hubert a *Adoración do Cordeiro Místico*, un políptico en 1432. A máis coñecida é o *Matrimonio Arnolfini* e a *Virxe do Chancellor Rolin*.

Tema: é un retrato nupcial. Máis ben é unha **alegoría do carácter sagrado do matrimonio**. Aparecen Giovanni Arnolfini, comerciante italiano e a súa esposa.

Os protagonistas: Giovanna Cenami procedía de una acaudalada familia italiana que vivía en París; su matrimonio se había concertado con sumo cuidado. Giovanni de Arrigo Arnolfini, rico comerciante italiano (oriundo de Lucca), afincado en Brujas

Como aparecen?

- ✓ Estamos nunha **cámara nupcial**. Ricamente ataviados e coas mans entrelazadas nunha habitación moi decorada con lámpada, alfombra de Oriente, cama con dosel... símbolo do poder económico. Teñen un importante estatus social.
- ✓ Están celebrando o **acto do matrimonio**. O home bendice á muller cunha man mentres coa outra sostén a da muller. Ela apoia a outra man sobre o ventre. Actitudes **serias e cerimoniais** e están descalzos. Non era necesario sacerdote

- ✓ O pintor é testemuña da cerimonia, asina o cadro (*Jean Eyck fuit hic*) e aparece retratado a través do recurso do espello. Neste espello aparecen detalles que non vemos: teito, parede, etc., todo o que está diante dos esposos, o lugar onde está o espectador.

Técnica: óleo sobre táboa. Po óleo dálle un aspecto **brillante case que esmaltado** e permite pintar con gran minuciosidade e detalle os obxectos e as persoas. A **pincelada é moi fina**. Percíbense as diferentes texturas: madeira, cristal, teas, alfombras... é o que se denomina **realismo sensorial**.



Composición: é unha composición **estática, sinxela**, na que as figuras posan, pero nun espazo que ten profundidade. O artista acada a profundidade mediante a luz. **Esa luz penetra polo lado esquerdo** a través da ventá a crea un eixo lateral que serve iluminar a habitación e levemente os rostros dos esposos. **Polo tanto coa luz acádase o espazo pictórico**. Esta era unha das preocupacións dos flamengos: a tridimensionalidade.

Cores: atopamos cores cálidas no fondo (silla, dosel, cama) sobre o que se recorta o verde brillante do vestido e o pano que cubre a cabeza da esposa, de delicadísimo rostro. A figura masculina está realizada en tons menos brillantes: marrón e negro sobre os que se recortan o rostro e a man.

En que vemos que é unha alegoría do matrimonio? IMPORTANTE

Os elementos cotiás que aparecen na escena son en realidade son símbolos (Erwin Panofsky formulou diversas teorías sobre os significados ocultos desta obra) que aparecen distribuídos pola habitación:

- Lámpada: fai referencia a presenza divina de Cristo, a luz da fe que serve para bendicir a unión e indica que estamos ante un acto sagrado. Non é necesaria a vela xa que é día
- Espello: serve para a composición da escena pero tamén ten un simbolismo e fai alusión a pureza da muller, virxe. É o *speculum sine maculam* que definía a propio Virxe María. O mesmo significado ten o brillo do rosario.
- Can: símbolo da fidelidade, fidelidade conxugal.
- As zapatillas: recollen o simbolismo de asistir a un ritual sagrado, por iso están descalzos. As dela próximas á cama, as del próxima ao exterior e en primeiro plano. Pisar o chan descalzo asegura fertilidade.
- A actitude da esposa recollendo o vestido sobre o ventre: pode aludir o sentido da fertilidade, como a cor verde símbolo da fertilidade tamén.
- A froita: xunto a ventá é símbolo da inocencia fronte o pecado. O estado de inocencia de Adán e Eva antes de cometer o pecado orixinal.

- Santa Margarida: sobre a cabeceira da cama, protectora dos partos que terán lugar na cama propia. A cama: representa o comezo e o final, o nacemento e a morte. A roupa vermella é a paixón
- Tondo: no fondo rodea o espello, está decorado con pequenas miniaturas alusivas a Paixón de Cristo, remarcando o carácter sagrado da escena.

En todos estes elementos atopamos **ese simbolismo disfrazado** característico da escola flamenga

Conclusión: polo

- ✓ O **virtuosismo nas texturas (teas, madeira, metal...)**
- ✓ o detallismo,
- ✓ o uso da luz
- ✓ e a construción da profundidade no cadro
- ✓ así como o dominio do retrato

esta **obra é nunha obra mestra da pintura**. O feito de ver autorretratado ao autor tamén nos está a falar dunha nova **valoración do artista** nesta época. Como curiosidade dicir que o cadro chegou a pertencer á familia real española ata principios do XIX (levado polos franceses)

OBRA: O Xardín das Delicias

AUTOR: O Bosco

CRONOLOXÍA: cara 1480/90

ESTILO: escola flamenga, pintura

UBICACIÓN. Museo do Prado. 2x3,86



Un dos cadros máis intrigantes da historia da pintura

O autor

Hieronymus O Bosco, é un autor holandés. Sábese moi pouco da súa vida pero si que súa obra tivo gran difusión e foi admirada por monarcas como Filipe II. Creou un **estilo orixinal**.

Pódese falar dunha **pintura**

- ✓ **moralista** que reflicte a sociedade do momento
- ✓ pero **de xeito satírico**.

As súas obras parecen máis soñadas que reais, feitas en paisaxes fantásticas.

Técnica: é óleo. É un tríptico de madeira.

Tema : é un **tema relixioso pero alegórico** (fin del mundo). Trata o **ciclo da vida** de xeito crítico e moral. **A unión entre o Paraíso (esquerda) e o Inferno(dereita) é o pecado (centro). É a visión do mundo por parte do Bosco: os seres mortais temos como destino a condenación.**

Composición: determinada por ser tríptico. Liña do horizonte moi alta.

Como están?

Estes escenarios están **cheos de figuras, moi pequenas, minuciosas**, nas que reproduce multitude de actitudes: cabalgar, comer, bailar, correr...

Se analizamos a obra por partes:

1.-No exterior:

Aparece **a terra dentro dunha esfera de cristal** (grisalla). É unha imaxe do mundo no terceiro día da súa creación (Xénese). O mundo vexetal, a orixe da vida. A esfera de cristal **é símbolo de fragilidade.**



2.-No interior:

- Táboa esquerda: A **CREACIÓN, o Paraíso** coa creación de Eva observado por Adán nun primeiro plano. Ao fondo a **fonte da vida** rodeado de animais fantásticos e árbores exóticas. A súa paisaxe é parecida á da táboa central
- Táboa central: **O Xardín das Delicias. A LUXURIA.** Variadas formas do pecado. Un extenso xardín cheo **de animais e de homes e mulleres espidos (blancos, negros) en escenas lascivas (moitas)**. Podemos ver tres planos:

1.-grupos en primeiro plano,

2.-xinetes no segundo plano: **(sobre cabalos e outros animais) forma un círculo arredor dun estanque central** no que se bañan mozas: punto de partida das tentacións que logo se ven na escena. Hai unha **fonte que se resquebraja** (como os praceres que se esfuman). Hai grupos con fresas, cereixas, uvas....algúns queren entrar en ovo..... **o pecado principal representado é a luxuria: pecado capital.**

3.-e lagoa, ao final.

- Táboa dereita: o **Inferno e os seus castigos. A CONDENA que nos espera.** Hai unha aparencia caótica. Un **escenario escuro.** Chamas e tormentos aos que son sometidos os pecadores. Aquí castíganse máis pecados que a luxuria: o xogo, a avaricia, hai ataques aos clérigos... **hai desproporcións de obxectos cotías** como son os instrumentos, algúns convertidos en **instrumentos de tortura: é dicir un caos, que é o que debe ser o inferno.** E como se as

relacións entre os seres vivos se invertiran. Esta escena amosa a **imaxinación desbordante do autor**: **orellas das que saen coitelos, aparellos imposibles, animais humanizados e humanos animalizados.**

Non hai Deus, nin Cristo, nin santos, nin salvados.....pero tampouco é un mundo real, é un mundo ONÍRICO. Hai humor, imaxinación, obxectos imposibles, hai crítica....



Técnica:

- técnica da pintura é **plana, sen case volume**, sen claroescuro, sen perspectiva xeométrica.
- A iluminación é irreal.
- O movemento é intenso, sobre todo no centro e na dereita.

Cores:

hai riqueza cromática e son cores brillantes. O Bosco estableceu unha relación entre as cores e o tema tratado:

- Parte esquerda: O Paraíso: tonos verdes e marelos que amosan pureza
- Parte central: luminosa, aínda coa luz do paraíso, hai claridade que emana dos corpos brancos e espidos
- Lado esquerdo: dominan negro e vermello nas terribles escenas
- Na portas tonalidades apagadas tipo grises, como indicador de falta de vida

Simbolismo- Conclusión

Interpretacións: Non está claro o seu significado e hai varias interpretacións.

1.- O Bosco amosa a través da súa obra **o efémero dos praceres terrenais e as graves consecuencia de ter abusado deles.**

A lascivia aparece representada en escenas como a parella na esfera, as froitas fan alusión aos praceres sexuais, o paporubio é eróticoetc.

2.- Hoxe en día vese como reflexión sobre o home renacentista; é o mundo visto cos ollos do Bosco. **Hai autores que ven non a representación dos pecados senon un estado idílico de un paraíso para os homes e mulleres nos que non hai vellez, nin traballos pero que nunca existiu polo pecado de Adán e Eva**

Importante

Hai que sinalar que a época na que se pinta o cadro é un momento de sensibilización cara a situación relixiosa e moral de Europa (antes da Reforma) na que se comeza a criticar ao clero, na que se cuestiona o control da Igrexa e ao mesmo tempo, debido a mellora económica, se vive con excesos. Ao mesmo tempo na que hai medo ao final, ao apocalipse. Neste contexto se pinta esta obra

Este cadro foi coñecido como o *Cadro do érbedo* (madroño) en alusión á froita que simboliza o efémero dos praceres terrenais (porque o madroño ou a fresa en canto o comes o seu sabor desaparece deseguida)

Conclusión

- É unha **obra fascinante,**
- simple pero moi expresiva
- e cunha grande minuciosidade nos detalles.
- O artista inspirouse na iconografía da cultura popular da súa época (folclore).
- Aínda hoxe é unha obra de difícil explicación pero de indiscutible valor artístico.
- A súa influencia chegará ao surrealismo do século XX que se inspirará no mundo onírico da súa pintura. Polo tanto vese como **un precursor do surrealismo.**

---oOo--